

CANTAROLAS

Textos de ANISIA MIRANDA e XOSÉ NEIRA VILAS

Ilustracións de LEANDRO LAMAS

Encadernado en cartonné. 15 x 23,5 cm. 56 páx. 14 €.
ISBN 978-84-8464-978-6. Poesía.

*Amiguiños todos,
amiguiños xa,
os nenos de aquí
e os nenos de alá...*

[Fragmento de 'Cantarola dos nenos', de Xosé Neira Vilas]


20 anos despois da súa última versión impresa, as "Cantarolas" de Anisia Miranda e de Xosé Neira Vilas volven ás mans dos lectores e lectoras nunha nova edición ilustrada por Leandro Lamas.

Trátase dun clásico da literatura infantil galega, con cantos e poemas evocadores da natureza e do medio rural, que fala da amizade, dos xogos, dos costumes e da emocións da infancia. A sinxeleza dos versos, a cercanía dos personaxes e a temática tradicional son as principais cualidades desta obra conxunta: Anisia Miranda xa publicara algunhas destas composicións na revista cubana *Zunzún*, mentres que as de Xosé Neira Vilas viran a luz hai 40 anos no selo madrileño Akal.

A páxina web da Fundación Xosé Neira Vilas ofrece unha escolma de cancións compostas e interpretadas por músicos galegos, inspirándose nestes poemas:

<http://fundacionxoseneiravilas.com/kalandraka/cantarolas.php>

As ilustracións de Leandro Lamas potencian o lirismo e o carácter alegre dos versos con imaxes de luminoso colorido, nas que destaca como protagonista o medio natural e a expresividade dos personaxes.



- **Temática:** poesía.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** musicalidade; lirismo; humor; natureza.

Anisia Miranda

(Cuba, 1932 - Gres, 2009)

De orixe galega, estudou Maxisterio e Xornalismo na Habana. Coñeceu a Xosé Neira Vilas en Bos Aires, co que casou en 1957, comezando ao seu carón o seu traballo a prol da cultura galega. Traduciu a obra de poetas americanos á nosa lingua e, de regreso en Cuba, continuou exercendo o xornalismo na revista *Pueblo y Cultura* e nas publicacións infantís *Pionero*, *Zunzún* e *Bijirita*. Dende 1992 trasladárase a Galicia, onde promoveu a Fundación Xosé Neira Vilas.

Xosé Neira Vilas

(Gres, 1928 - 2015)

Residiu 43 anos en América: Bos Aires (1949-1961), onde fundou coa súa muller Anisia Miranda, a editorial e distribuidora de libros en galego Follas Novas; A Habana (1961-1992), onde creou e dirixiu a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística. Foi membro numerario da Real Academia Galega, Doutor Honoris Causa polas Universidades da Coruña e da Habana, e Fillo Predilecto do Concello de Vila de Cruces. Recibiu a Medalla Castelao, o Pedrón de Honra e o Premio Trasalba. Foi recoñecido co Premio da Crítica e da Crítica Galega. Súas son obras fundamentais como "Memorias dun neno labrego" (1961), a novela máis traducida e máis vendida da literatura galega. Cultivou tamén a narrativa para adultos e para público infantil, a poesía, artigos xornalísticos, traballos de investigación sobre emigración ou historia galega, e memorias da súa traxectoria profesional e vital.
<http://www.fundacionxoseneiravilas.com>

Leandro Lamas

(Narón, 1973)

Pintor e ilustrador, actor e director de teatro. Dende a súa primeira exposición de pintura en 1998, en Ferrol, participou en numerosas mostras por Galicia, Asturias, Madrid ou Valencia. Tamén realiza portadas de libros e discos, murais e carteis, ilustra libros infantís e fai cadros personalizados.
<http://leandrolamas.blogspot.com>

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com